

*A alcaldesa da Coruña*

A Coruña, 20 de Marzo de 2020

Queridas familias:

Nestes días en que a crise sanitaria alterou a vida de todos, en que o número de persoas afectadas crece exponencialmente e as medidas que procuran conter o brote de COVID-19 multiplícanse e fanse máis restritivas, moitos nos refuxiamos na compañía dos nosos familiares, cando é compatible co confinamento que produce o estado de alarma.

Cando, como vos sucede a vós, tedes fillas e fillos estudiando no estranxeiro, en moitos casos co apoio das Bolsas-USA do Concello, á preocupación normal pola situación sanitaria engádese unha, seguro moito maior, polo benestar dos mozos e mozas que se atopan lonxe de vós.

Podedes crer que non teño dificultade en facerme cargo da situación pola que atravesades. Teño resolto que, con independencia de que se trate de mozos beneficiarios de Bolsas-USA do Concello da Coruña ou non, todos os servizos municipais se poñan a traballar para garantir, na medida das nosas posibilidades e competencias, que a situación pola que atravesades se resolva do modo máis conveniente, en primeiro lugar para a saúde, e tamén para o benestar e o currículo académico das vosas fillas e fillos.

En relación cos beneficiarios de bolsas USA, o servizo municipal de educación estivo en contacto coa empresa que as xestioná e coñece a situación dos estudiantes, tanto dos que, polo momento polo menos, desexan permanecer en Estados Unidos, como a de quen programou o seu regreso. Con respecto ao resto de familias, cuxos mozos e mozas non forman parte do programa municipal, o Concello ponse igualmente á vosa disposición para axudarvos naquilo no que se precise.

Ademais, a Concellería de Educación, Cultura e Memoria Histórica trasladou ás autoridades, tanto do Ministerio de Educación como da Xunta de Galicia, a preocupación con respecto á convalidación de estudos.

Son consciente de que non sempre as posibilidades da administración local nestas situacións son grandes, con todo tamén sei, porque así sucedeu xa durante esta crise e antes en varias ocasións, que ás veces a intervención dunha alcaldesa pode resultar importante, teñamos ou non competencias, ánda que o problema se atope a moitos quilómetros, para acelerar trámites, resolver inconvenientes ou disipar dúbdas. En todo caso, comprométome a tentar axudarvos nesta situación, naquilo en que o Concello vos poida resultar útil. Nestes días moitos empregados municipais de diferentes servizos, de emerxencias e seguridade pero tamén de servizos


administrativos continúan traballando ao servizo das necesidades da cidade, moitos presencialmente, outros de forma telemática desde os seus lugares de confinamento.

Todas as nosas enerxías pónense tamén á vosa disposición nesta situación.

Por iso, se creedes que podemos axudar na xestión do necesario nestes momentos, podedes poñervos en contacto co Concello, que centralizou a atención no seguinte enderezo electrónico e teléfono:

correo electrónico: s.vara@coruna.es  
teléfono: 981 184200 ext. 12047

Con toda a miña solidariedade e afecto,



Inés Rey García

Uelto puido apertar  
e muito ánimo,